2.ª ASAMBLEA NACIONAL

ASAMBLEA EXTRAORDINARIA

RESOLUCIONS POLITICAS

B. N. G.

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

Comañeiros delegados das organizacións presentes.
Amigos convidados.
Compañeiros e compañeiras..

!Benvidos todos a esta Segunda Asamblea Nacional do BNG!

A comenzos do ano 1.982, após un intercámbio de opinións entre organizacións políticas e nacionalistas independentes sen filiación partidária, viuse a necesidade da criación dun frente patriótico que, respeitando as diferentes conceicións ideolóxicas de cada persoa, colectivo ou partido, servise para aunar esforzos na tarefa comun de conseguir a liberación nacional do noso país. O ponto de partida e concordáncia estaba - como é de supor - na asunción coerente dos princípios que identifican o nacionalismo como alternativa política. Ser nacionalista galego significa aceitar e defender consecuentemente a existéncia da Galiza como nación. Recoñocer a personalidade nacional do noso pobo implica, asimesmo, reivindicar o direito de autodeterminación e a titularidade do poder constituínte. Poden variar as formas que dan expresión xurídica e institucional a este direito. Non será válida nengunha que supoña recortes da soberania política, que pretenda a míngua das facultades de autogoberno que á nación lle corresponden. Por exclusión, o sentido pedagóxico aconséllanos ilustrar o aserto clarexando aparentes ambigüedades posíbeis na situación actual. Lexitimar o marco autonómico ou dar aquiescéncia á Constitución española, cando tanto o primeiro como a segunda conxelan as vias para acceder á emancipación nacional, entronizan e perpetuan a dominación do Estado opresor, é abdicar dos princípios que conforman o nacionalismo como tal, a marxe das contradicións que podan existir no comportamento político individual.

Temos xa as coordenadas ideolóxicas que coutan o terreo no que vai construir o Bloque Nacionalista Galego. Os colectivos, partidos e persoas que asumirian máis tarde as liñas programáticas da asamblea fundacional participaron no proceso de formación con exemplar xenerosidade, sen sectarismos nen protagonismos partidários. Mesmo que eramos conscientes da necesidade de fundamentar o proxecto frentista sobre as bases tracexadas, non se pechou o diálogo a ninguén, nen sequer a aqueles que viñeran mantendo condescendéncia co modelo político instaurado pola reforma post-franquista. Mentres existise a remota posibilidade de rescatar sectores de opinión para a militáncia nacionalista, de conseguir que a ambigüedade optase pola coeréncia, non iamos ser nós quen malográsemos a unidade con exclusións prematuras.

Xenerosidade hóuboa tamén con certos grupos que participaron no proceso constituinte para conducilo a terra de nengures. Non abondou que a asamblea da Coruña limase conceitos en certa maneira excluintes para opcións ideolóxicas ás que a sua condición de minoritárias non inpedia a integración, sempre que fose sincera, ainda que existia a premonición de que arribaran á mesa de negociacións coa intención de torpedear o éxito do frente. A celebración do Dia da Pátria Galega de 1.982 tolerou intervencións nas que a unidade do proxecto en formación se converteu en albo dos ataques dalgun dos grupos aludidos, e nos que a lexítima liberdade de critérios foi sustituída pola reacción visceral do sectarismo. Unha vez máis, abusando hoxe da liberalidade que o BNG demostrou na sua xestación, saudaríamos con xúbilo o labor exitoso dos colectivos que se apearon na asamblea constituinte. Infelizmente, ou desapareceron da escena política, ou ficaron reducidos a esmorecidas entéléquias testimoniais. Non foron as discrepáncias formais o detonante dun abandono premeditado con antelación. A falta de vontade para asumir un proxecto unitário de consolidación e avance do nacionalismo foi o motivo da deserción.

Tratamento similar é apropriado para enxuiciar a conduta seguida polo Partido Socialista Galego. Se nun princípio aceitou, con cautela e reservas non disimuladas, a formal integración no frente, quizais fose por non quedar iso-

lado dun proceso eleitoral en marcha , ou agardando que a prática futura amortecese o contido dunhas definicións programáticas nas que non habia morada para un galeguismo difuso e contemporizador coas teses autonomistas. De feito, en nengun momento respondeu aos compromisos contraídos nen nas bases nen nos órgaos de dirección. A ruptura formal produciuse de inmediato. O sector menos identificado cos plantexamentos nacionalistas non dubidou en fender a unidade do partido, para conducilo primeiro á aventura dunhas eleicións municipais en solitário e para findar compartindo as soidades do fracaso nun casório de conveniéncias cunha Esquerda Galega na que a desilusión comenzaba a riscar a garrideza da que pouco antes con presunción se gababa.

Non é da nosa incumbéncia entrar en lares alleos de fiscalizadores políticos. Que Deus lle depare grande ventura aos desposados. Si o é deixar constáncia nesta asamblea do recoñecimento do BNG ao Colectivo Socialista , que sen abxurar dos pirncípios que o mantiveron na estrutura do partido de procedéncia, asumiu con sentido e convición patriótica a permanéncia no frente nacionalista,aportando ao mesmo valiosa e necesária colaboración.

Xunto a este colectivo están os militantes da UPG, os grupos de independentes organizados en diferentes zonas de Galiza e da emigración, os antigos afiliados da AN-PG, a mocidade estudantil agrupada en ERGA - de longa e fecunda traxectória - e os indepentes non organizados de nova afiliación. No BNG está, pois, todo o nacionalismo existente hoxe no país. ¿ Coñece alguén algunha organización de mínima entidade, que desenvolvendo unha prática acorde cos princípios que se consideran definidores do mesmo estexa fóra del? ¿ Subsistirá a dúbida, talvez, de pensar que se deben procurar os fillos pródigos entre aqueles que atraizoan a memória de ilustres devanceiros entregando os restos de Castelao ao abversário?

Non podemos sustraernos á evidéncia, ben é verdade, de constatar a auséncia das estruturas organizativas do BNG dun número importante de persoas de probada fidelidade ao movimento de liberación nacional. O nivel de resposta social ás nosas alternativas non se corresponde co degrau de afiliación. Hai cousas obxectivas que empecen moitas veces un maior compromiso co frente patriótico, por mor das represálias exercidas pola via laboral e profisional. Non son isolados os casos de perda do posto de traballo por figurar de candidato nas listas presentadas polo Bloque Nacionalista Galego. As portas de acceso ao exercício de determinadas actividades profisionais están frecuentemente pechadas para compañeiros publicamente identificados como militantes da nosa organización. Apesar dos atrancos externos que obstaculizan o desenvolvimento óptimo do BNG, tamén é certo que se precisa remover actitudes e condutas que nalgunhas ocasións embafan a imaxen trasmitida a potenciais colaboradores e simpatizantes, ou estimular o espírito proselitista que incremente o número de incorporacións.

Nun informe congresual - neste caso asambleário - resulta difícil evadir o tópico de suministrar reseñas exaustivas das actividades realizadas durante o período que culmina a reunión do órgao estatutário soberano. O Consello Nacional vai procurar compatibilizar a obriga de render contas da actuación nacionalista en dous anos de existéncia baixo as siglas actuais coa necesidade de esquivar unha relación permenorizada e cronolóxica de feitos, xa que, alén de ser ociosa a sua lembranza para todos os presentes, en nada axudarian á interpretación política dos mesmos. Considérase máis oportuno sintetizalos, de maneira que provoquen unha reflexión colectiva sobre a incorrecta ou atinada aplicación das liñas programáticas escollidas na asamblea fundacional.

Baixo este critério, convén analizar a resposta da militáncia e dos ór-

gaos de dirección en defensa dos princípios que elexémos como bandeira. Un dos primeiros bancos de proba apreséntase cando temos que optar entre a renúncia á preséncia institucional e o imperativo de render homenaxe a unha Constitución incompatíbel coa ideoloxia na que se fundamenta o frente patriótico galego, expresamente declara obxectivo a combater no programa aprobado na Coruña. Tanto no Parlamento autonómico como nas corporacións municipais, o proceder dos cargos institucionais foi congruente coa liña política adoptada, seguíndose de aí a perda de representación na Cámara galega e a expulsión de concellais eleitos nalguns municípios. Se cabe discutir o degrau de incidéncia social atinxido polas movilizacións levadas a cabo, sería inxusto desestimar o esforzo realizado polo BNG en defensa dos direitos democráticos elementais conculcados na resolución parlamentária en contra dos deputados nacionalistas e no comportamento fascista de certos alcaldes. Manifestacións, encerros, encadeamentos e actos políticos serviron para denunciar publicamente unha situación que o sistema arelaba secuestar á opinión dos cidadáns.

Para quen pense que o éxito da campaña estaba en conseguir unha senténcia favorábel no recurso seguido perante o Tribunal Constitucional, o resultado da mesma pode constituir un fracaso. Se, non obstante, reflexionamos sobre o deterioro inflinxido á credibilidade democrática do rexime que fixo posíbel unha resolución tan arbitrária e unha senténcia tan incoerente, atoparémonos que un sector nada despreciábel de opinión se acha agora desarmado para facer a apoloxia do ordenamento político que permite a traición á vontade popular depositada nas urnas - credo, feitizo e tabu na ideoloxia burguesa - e no que o amparo das liberdades fundamentais e a xustícia é competéncia de tribunais mercenários do poder e sen o mínimo decoro profisional.

A repulsa contra as represálias institucionais sobre parlamentários e concellais do BNG non foi só expresión de solidariedade do frente cos nosos representantes. Foi tamén o cumprimento do mandado programático, que estabelece a loita polas liberdades democráticas reais como ponto clave da actuación nacionalista. A este imperativo político soubemos dar axeitada resposta en innumerábeis ocasións. Nomeadamente, cando saímos na defensa dos patriotas vascos extraditados desde vários países europeus, primeiro cunha semana de sensibilización por toda Galiza, na que participaron compañeiros de Herri Batasuna, e cunha nutrida manifestación despois en Santiago, acto este que motivou o procesamento dalguns membros do Consello Nacional do BNG.

Deber prioritário dunha organización que se define por un estado galego soberano é o de conseguir o aumento da conciéncia nacional do noso pobo, e asi o deixamos claramente expresado na alternativa que aprobámos. Nada mellor para lograr avanzar por este camiño que dar o combate por manter vivos e acesos os símbolos da identidade colectiva do país. A restauración do Dia da Pátria Galega como data reivindicativa da soberania da Galiza foi un dos éxitos maiores da etapa de transición. Nen os intentos do poder de transformala nunha conmemoración de contido autonomista (lembremos a fracasada concentración do Obradoiro de 1.978), nen os esforzos do españolismo para apropriarse dela e deluíla nunha celebración folclórica e aséptica, foron capaces de anular o carácter que os nacionalistas lle imprimímos. A imposición gubernativa de pechar a Praza da Quintana ás manifestacións do 25 de Xullo non tiñan outra intención que a de facer recuar o sentido político dunha efemérides que puña en perigo a ritualización do imperialismo na litúrxia do Santiago mata-mouros. Despois de ter rescatado a zona monumental para a movilización patriótica por excelencia, de ter dobregado a intransixéncia da Administración, non sabemos se orgullecer-nos polo triunfo conseguido ou salientar o comportamento inflexibel da militáncia, que fixo o éxito posíbel coa sua actitude de enfrentamento responsábel nos anos anteriores. A brillantez da última celebración do Dia da Pátria ten a sua orixe na resisténcia de 1.983 na Praza de Galiza.

Non é preciso lembrar que Castelao é a figura máis sobranceira do nacionalismo galego. Defensor intransixente do direito de autodeterminación nacional, os impulsores do proceso estatutário viñan cobizando desde tempos atrás utilizar a repatriación dos seus restos mortais para lexitimar, por unha banda, as institucións autonómicas,e para deixar sen abeiro simbólico ao nacionalismo pola outra. Este é o sentido que ten a cerimónia que recebeu a nosa resposta contundente hai poucos meses. Con toda seguridade que os oficiantes da mesma se trabucaron co momento elexido. Pensaban atoparse cun BNG en horas baixas, enfraquecido de moral, inerme para reaccionar ante a ousadia dos usurpadores. ! Tremendo desacerto! E preciso proclamar hoxe aqui que a data do 28 de Xuño de 1.984 pasará á história pola derrota inflixida polo movimento que representamos aos traficantes, mercatifes e matuteiros da política. O Bloque Nacionalista Galego impediu, afortunadamente, que Castelao fose devorado polos abutres que un dia o forzaron ao desterro. E unha organizacion que é capaz de responder da maneira en que o fixo o BNG está viva e constitui a esperanza máis firme para o futuro do país.

O período que analizamos leva ás costas a grande crise orixinada polo desmantelamento industrial, coñecido oficialmente co nome de reconversión, e que trata de adecuar a estrutura produtiva do Estado español aos intereses monopolistas da Comunidade Económica Europea. Galiza é, como non podia ser doutra maneira unha nación sometida a dependéncia colonial, o bode expiatório da traumática operación de expólio da construción naval. Ao problema de Astano engádese as consecuéncias negativas dos plans de viabilidade para os asteleiros da Ria de Vigo. Xa hai previsións ameazadoras para a factoria ferrolana de Bazán. A acción reconversora exténdese inclusive a sectores aos que resulta difícil aplicar como argumento os critérios de rendabilidade que se adopta utilizar de xustificadores da crise naval.

O pobo galego veu oferecendo, e segue a oferecer, unha resisténcia masiva á desastrosa política económica planificada polo Governo, dando cumprida resposta en tres folgas xerais sen precedentes na história do país. Ainda que seria ilexítimo apropriarse do protagonismo exclusivo destas movilizacións, xusto é recoñocer que sen a proxección orientadora do nacionalismo, canalizada através da central sindical na que ten incidéncia, as accións de protesta quedarian reducidas a actuacións de dimensión sectorial, idea esta acariñada polo españolismo para pór o descontento da Galiza ao servício dunha estratéxia estatal. No congreso da INTG, celebrado no mes de Outubro de 1.983, os delegados do BNG propuxeron a folga xeral como medida de presión máis conveniente frente ao proceso de reconversión que se aveciñaba. A resolución tomada en base á nosa iniciativa e o esforzo militante dos compañeiros do frente patriótico foron decisivos no carácter e dimensión da conflitividade laboral que se está a viver na actualidade.

E xa que estamos falando da INTG, a ocasión tórnase propícia para referírmonos aos obxectivos políticos defendidos por nós dentro da central. A necesidade de propiciar a unidade do sindicalismo nacionalista, que figura no adro do programa aprobado na asambrea anterior, non pode ser indiferente aos intentos desvicionistas que alentan nalgun sector minoritário do sindicato. Seremos inflexíbeis no futuro, de igual xeito que o fomos no pasado,en combater conspiracións-internas que pretendan conducir o movimento obreiro por un camiño que non sexa o da auto-organización, do anti-colonialismo e do anti-capitalismo. A convivéncia nunha central pluralista, princípio ao que nos aderimos e prestamos apoio, ten os seus límites na provocación e boicot ás decisións congresuais, actitudes coas que en todo momento debemos permanecer belixerantes.

Se a criación, potenciamento e correcta dirección dunha plataforma sindical de índole galega foi un dos logros máis positovos do nacionalismo moderno, o movimento estudantil articúlase hoxe

nunha organización hexemónica de carácter patriótico. A referéncia a ERGA faise obrigada na presente ocasión, pois ven coincidir a celebración desta asamblea coa culminación dunha etapa na que a opción nacionalista acadou respaldo maioritário entre o estudantado nas eleicións ao claustro constituínte da Universidade de Santiago. E vital para a alternativa que representamos a consolidación do BNG nos centros de ensino. Por iso se fai imprescindíbel que os dirixentes políticos do sector en cuestión non perdan a perspectiva e o enfoque global que sirve para levarnos á meta cobizada.

Dicer que o BNG se define pola solidariedade internacional, e que fai seus os princípios do anti-imperialismo militante, non é máis que pór de relevo a faciana fundamental dunha organización que proclama para a Galiza o direito de autodeterminación. Seria prolixo facer un saldo das actividades desenroladas neste sentido. Abonda lembrar que a solidariedade concrétase nos vínculos de cooperación e amizade cos movimentos de liberación do Estado e do mundo. Boa proba, a participación de organizacións amigas nas celebracións dos Dias da Pátria Galega. Boa proba, as xornadas e manifestacións en apoio dos pobos vasco, árabe, nicaragüense e palestino.

Pero o anti-imperialismo esixe, na situación presente, un enfrentamento radical á política de permanéncia do Estado español nas estruturas da NATO, e á integración nas institucións e mecanismos económicos da Europa comunitária. Ser condescendentes cunha organización militar agresiva cos pobos que loitan pola sua independéncia, cunha organización que ceba a gula expansionista do imperialismo occidental, significaria unha navallada traidora á ideoloxia que fundamenta a nosa existéncia. Non é cuestión de que o ingreso se decidise sen consultar á opinión popular sobre a oportunidade do mesmo. " A paz non se vota ", proclamaron miles de manifestantes na marcha de Pontevedra a Marin de 1.983, e na que tivo un peso decisivo a convocatória e o patrocínio do BNG. Esta movilización foi seguida por outras. En todas elas deixámos sempre claro que a saída é o ponto central da reivindicación, a diferéncia da ambígua oposición española e autonomista, que pon o referendo como obxectivo prioritário. Non se vota a paz e a retirada da OTAN, como tampouco se vota o direito inalienábel da muller a participar en plano de igualdade co varón na vida política e social.

A vinculación da organización militar atlantista coa Comunmidade Económica Europea foi o eixo das análises do BNG a respeito do problema. Non comprendemos, xa que logo, a dualidade daqueles que pretenden conciliar a adesión ao ingreso no Mercado Comun coa formal oposición á NATO. A intervención de Felipe González no congreso do PSOE veu corroborar as teses que aprécian a unidade na que asentan as duas organizacións supra-estatais. Tamén aqui foi coerente a posición mantida polo Bloque Nacionalista Galego. O rexeitamento da integración na CEE pode ter a sua base estratéxica na imposibilidade de facer compatíbel unha alternativa progresista cos intereses monopolistas europeu-occidentais. De maneira inmediata, a razón fundamental atópase na evidéncia de que a entrada na Comunidade vai representar - e xa está representando - a ruína catastrófica dos sectores esenciais da economia galega. Ante esta evidéncia, non dubidamos en acusar publicamente de traidores a todos os partidos con maior ou menor implantación na Galiza, que vendidos ao entreguismo cobarde, deixaron so ao BNG na denúncia do proceso integrador. A nosa organización foi a única que non suscrebeu as conclusións das Xornadas Técnicas sobre o Mercado Comun, organizadas polas institucións autonómicas, e que significan unha capitulación en regra para os intereses nacionais

Este informe non pode demorarse, por motivos evidentes, na análise repou-

sada de variados aspectos que atinxen á situación e ás actividades desenroladas polo BNG nos dous anos precedentes. Entre outras cousas, por non ferir a resignada tolerância da asamblea. A brevidade impónnos concisións cando debemos referirnos aos resultados obtidos nas últimos confrontacións eleitorais , nos que a tendéncia bipartidista, impulsada desde os substratos ideolóxicos do rexime, actuou de elemento negativo para o nacionalismo. Ainda que esta tendéncia vai perdurar no futuro inmediato, coidamos que a desastrosa xestión dos actuais gobenantes - tanto centrais como autonómicos - permitirá o retorno e incremento da adesión popular á alternativa política que defendemos.

O laconismo non ha ser impedimento insalvábel para mentar de pasada a restauración organizativa do sindicalismo agrário das Comisións Labregas, que recuperou incidéncia no conflito das Enchousas, nas movilizacións de 1.983 e 1.984, e que tivo unha participación importante na folga xeral do dia 29. Ou aludir ás loitas emprendidas para deter agresións ao meio natural e ao entorno xeográfico. Despois de paralizar a construción da central nuclear de Xove, logrouse agora, en certa maneira, impedir a continuación dos vertidos radiactivos na Fosa Atlántica. Neste terreo, faise-obrigado mencionar a atención dedicada polo BNG a combater os incéndios forestais.

Poden ficar moitos temas no tinteiro. O que non debemos esquecer son os esforzos a prol da normalización lingüística, cunha campaña que tivo a expresión máis característica na carreira organizada en defensa do idioma. Finalmente, queremos salientar que o Bloque Nacionalista Galego, en consoáncia co princípio de auto-organización defendido para todos os sectores da nosa sociedade, potenciou tamén a criación de grupos feministas nas diferentes zonas do país. A problemática específica da muller traballadora non estivo ausente da actividade do BNG, non só polo apoio prestado ás suas reivindicacións concretas, senón polo interés en procurar expresión organizativa para as mesmas dentro da família política nacionalista.

Chegou o momento da reflexión. Aos optimistas dirémoslles que non aforren entrega, entusiasmo e aportacións construtivas ás tarefas que esta segunda asamblea se dispón realizar. O futuro do país depende da consolidación e fortalecimento do BNG, e o futuro do BNG da convición e firmeza ideolóxica dos seus militantes. Aos pesimistas, se queda algun, hai que facerlles unha chamada de atención para que contemplen con esperanza o porvir do nacionalismo. Non podemos cometer a irresponsabilidade de interpretar con indoléncia e leviandade as circunstáncias adversas nas que se desenvolve a nosa actividade política, ou ser benevolentes coas eivas e defeitos dunha actuación que precisa mellorarse para adecuala aos compromisos contraídos co país. De todos os xeitos, o realismo impídenos xulgar o momento presente con explicacións e análises derrotistas. Se prescindimos do movimento nacional-popular vasco, que por unha série de causas, que non son do caso analizar, reveste na situación actual unhas dimensións excepcionais, ao movimento de liberación da Galiza ténselle aplicado o calificativo de modélico por observadores imparciais forá das nosas fronteiras, sen que esta valoración implique, por outra banda, menosprécio para nengunha das organizacións revolucionárias doutras partes do Estado. Dentro da própria nación, os proxectos de erixir experiéncias alternativas que reemprazasen a función do Bloque Nacionalista Galego, ou foron condenados ao fracaso, ou caíron na inoperáncia manifesta.

De cara o futuro, o porvir do BNG está perfeitamente asegurado. Desgraciadamente, o panorama político xoga de maneira irremediábel a prol do fortalecimento e do éxito do frente patriótico. Imos tentar desfacer a paradoxa. Nen os gobernos actuais, nen as institucións autonómicas, nen a oferta programática dos partidos que se moven no ámbito ideolóxico permitido polo sistema, van conseguir outra cousa que non sexa o

progresivo deterioro das condicións económicas e sociais da nosa nación, xa de por si en estado precário a causa de vários séculos de opresión colonial. Estáse evidenciando de forma acelerada que non hai solución para o país fóra do modelo económico, social e político que nós defendemos. Tarde o cedo, o pobo galego darános a razón.

Precisamente por iso, porque saben que a sua impoténcia conduce ao noso éxito, o imperialismo buscará redobrar os ataques e a xenreira con renovada viruléncia. Xa estamos afeitos ás embestidas recebidas, principalmente pola hostilidade duns meios de comunicación que actuan de axentes represores do poder. Hai síntomas claros nos mintideiros políticos de que nos próximos meses van amiudar os intentos de fender a unidade do frente nacionalista, pouco extraño se temos en conta que nos achamos ás portas dun inminente proceso eleitoral. Nada conseguirán se estamos prevenidos .Que esta segunda asamblea nacional sirva para unirnos, fortalecernos e enxergar con optimismo o futuro do BNG e da Galiza.

! Viva o Bloque Nacionalista Galego!

! Viva Galiza ceibe e popular!

Santiago, 22 de Decembro de 1.984.

ANALISE DA SITUACION POLITICA NAS INSTITUCIONS MUNICIPAIS. PROPOSTA DE ACTUACION POLITICA E ORGANIZATIVA NAS MESMAS

Logo de ter rematado toda unha lexislatura de actividade municipal dentro da democrácia formal instalada no Estado español, e pasado máis dun ano da segunda, resulta cada vez máis evidente a necesidade da nosa preséncia nos concellos; fundamentalmente por canto estas institucións están a ser utilizadas polas forzas do españolismo e da reacción como elemento determinante do proceso de opresión colonial a que teñen sometido o noso país.

A preséncia dos nosos representantes nas institucións municipais, se ben cuantitativamente insuficiente, serve, aparte, para achegar o pobo aos nosos presupostos e dar a coñocer mellor as nosas alternativas políticas ; tamén, para que os próprios viciños coñezan as verdadeiras intención dos grupos gobernantes, e mesmo dominantes, en moitos concellos. Amparados en actitudes, en moitos casos tipicamente caciquis, alleas aos intereses populares máis elementais - non sendo necesário recorrer á diferenciación de siglas: AP, PSOE, CG, tanto ten -, é precisamente nos concellos sen preséncia nacionalista onde lles resulta máis doado levar adiante e sen obstáculos a sua función colonizadora e de servícios aos intereses a persoas e grupos afins.

Asi, a prática do escaparatismo - realización de actividade e obras sen outra intencionalidade que a de acadar unha manifesta rendabilidade eleitoral - é cousa de todos os dias. Séguese a dar unha total ausência de información e participación dos viciños; isolados intencionadamente, mesmo da xestión municipal, que esquece sistematicamente calquer tipo de tarefa que supoña verdadeira culturización e educación do pobo.

Resulta habitual a realización dunha política decididamente españolizante: actos de loubanza da Constitución española - levados ao caso extremo de tratar de impedir a preséncia dos nosos representantes por non xurala (caso de Santa Comba, o Grove e Carballo), tratando de reproducir nos concellos o proceso de expulsión contra os nosos deputados no Parlamento Galego. A teima na defensa do estado unitário. A organización e potenciamento de actos pseudoculturais, case sempre alleos á nosa realidade nacional. O lacaísmo e servilismo institucional, plasmados na cesión de bens e fundos municipais a entidades e institucións españolas: policia, exército, guardia civil, delegacións de facenda.- ...Prática que ven sendo moi habitual ultimamente sobre todo en concellos dominados polo PSOE.

Non debemos esquecer o anti-galeguismo militante de moitas corporacións: a represión lingüística mesmo brutal (caso de Póboa do Caramiñal). O manter españolizada a toponímia. O feito de que as ruas e prazas sigan a levar nomes de militares e persoeiros fascistas. Lembremos asi mesmo a persecución e aínda a sabotaxe a que foi sometida a I CARREIRA POPULAR EN DEFENSA DO NOSO IDIOMA, en concellos e por alcaldes, (Ares, por exemplo), ou a postura de esquiroles e intimidadores no caso das folgas nacionais de xullo e novembro.

E non deixemos de citar os seus posicionamentos totalmente alleos á realidade social da Galiza, ignorando o recoñecimento da personalidade xurídica da parróquia e da comarca como entidades básicas da nosa poboación; fomentando, iso si, o tribalismo e os enfrentamentos entre os viciños.

Noutra orde de cousas, sinalemos que na obsesión constante de bon número de alcaldes e corporacións por "facer cousas" que proporcionen votos, están a levar á termo unha política fiscal tremendamente agresiva, aumentando desorbitadamente os impostos co fin de acadar os fundos que precisan para a sua laboura, sen que a sua condición de sumi-

sos lacaios lles permita esixir maior participación dos concellos na distribución dos fundos públicos do Estado, ou pedir a desaparición das Deputacións Provinciais, verdadeiros organismos intermediários que manexan fundos que, en parte, deberian ser utilizados polos concellos.

A utilización de símbolos: relixiosos, bandeira española, retrato do rei, hinno do Estado... non son, senón, elementos usuais do proceso colonizador. Mesmo institucións como a Policia municipal son utilizadas como meros apéndices dos corpos de represión españois; xa pola sua actitude, xa polos seus métodos.

O exposto até agora non ten outra intención que a de amosar para que se están a utilizar a maioria das institucións municipais na nosa nación.

Disto dedúcese a necesidade dunha actuación, por parte dos concellais nacionalistas, séria e constante. A inactividade e o lacomismo suporia a nosa práctica desaparición dos concellais, cousa que polo reseñado resultaria tráxico para os intereses do noso país. Neste senso, o noso traballo non se pode limitar a meras intervencións dialécticas ou ideolóxicas nos "plenos", " permanentes".... Tampouco debemos cair no contrário, quer dicer, facer xentión sen máis, xa que sai beneficiado o alcalde e o seu grupo. Debemos organizar os viciños para que se sintan protagonistas na búsqueda das solucións aos seus próprios problemas e participando activamente na vida dos concellos.

E asi, fuxiremos de actuacións de despacho e pactos prévios que furtan os posíbeis debates aos veciños; propondo solucións e alternativas próprias aos diversos problemas, ou apoiando, no seu caso, as que consideremos correctas, sen ter demasiado en conta as etiquetas que as avalen.

Hai que deixar ben claro que, pola nosa parte, levaremos ás institucións municipais, para o seu debate, temas de política xeral que atinxa á problematica social, política, cultural... da nosa nación, e que supoña, xa que logo, clarificación política para o noso pobo. Estamos pois, máis por politizar os nosos concellos que porque fiquen - tal e como pretenden PSOE, AP e CG - en meros organismos de xestión.

Imos facer aqui un ponto a parte para falar do proxecto da nova lei de REXIME LOCAL. A nosa postura vai ter que ser a de oposición xa que a lei sacraliza os axuntamentos como entidade, cousa que resulta contrária á nosa realidade nacional, no que a organización de poboación se refere, e por outra banda é proclive á instalación dun rexime presidencialista nas corporacións que, lonxe de favorecer a participación dos concellais e viciños, concentra case todo o poder na persoa do alcalde. Quede tamén claro que os pretendidos enfrentamentos ao proxecto por parte da "oposición" no parlamento español, non vai máis aló de meros plantexamentos dialecticos e formais.

Cabe agora plantexármonos unha necesária autocrítica, xa que nos últimos tempos, por falta dunha planificación e seguimento mínimos, non se deu a precisa coordinación da política que os representantes do BLOQUE NACIONALISTA GALEGO tiñan que levar nos concellos. Asi, déronse, nalguns casos, verdadeiras actuacións autárquicas, e noutros, de deixadez e comodidade persoal que levaron a evitar " de motu próprio ", en moitos casos o imprescindíbel enfrentamento en temas trascendentais...

Precisamente, xa que logo, unha necesária coordinación por parte dos distintos órganos do BNG no eido da política municipal. Xa non só naqueles concellos nos que temos a responsábilidade de goberno - pois as suas actuacións han servir para darnos prestíxio e aínda exemplo aos outros concellos do país - mais tamén nos que temos repre-

sentación, por canto as acción levadas a termo polos concellais do BNG son seguidas polo pobo; e no caso dun traballo con eivas importantes, ou pasivo, vai ser aproveitado pola reacción e polo españolismo co fin de desprestixiar aos nacionalistas.

Chegados aqui, é preciso estabelecer unha série de resolucións políticas e organizativas que sirvan, dalgunha maneira, como guias da nosa actuación nos concellos.

Entre os de carácter político deberán estar os seguintes:

a- Loitar decididamente pola imprescindíbel galeguización dos concellos. Aparte as intervencións na nosa língua - dado por sentado- esixir a elaboración de toda clase de documentos en galego, asi como que se recollan as nosas constatacións no noso idioma. Recuperación dos topónimos e eliminación dos nomes de persoeiros e militantes fascistas das prazas e ruas.

b-Esixir un funcionamento inequivocamente democrático dos concellos que deben ser organismos laicos e nos que institucións como a Policia Municipal, han ter un único sentido de servicio, sendo un órgano civil, sen armas nen actitudes represivas e nunca apéndice dun órgano de represión do Estado.

c-Queremos uns concellos que asuman como próprios e exclusivos o hinno e a Bandeira de Galiza, facendo unha política que elimine a preséncia dos símbolos coloniais e aumente a aceitación dos nosos.

d-Perseguiremos o recoñecimento da persoalidade xurídica da parróquia e potenciaremos a constitución de mancomunidades comarcais co fin de afrontar dotacións de servicios públicos.

Estamos pola desaparición das Deputacións Provinciais que manexan os seus fundos con claras intencionalidades políticas entregándollelos aos grupos afins aos que dominan na institución sen teren en conta as necesidades reais doutras zonas.

e-Estaremos por uns concellos que, en definitiva, busquen a mellora das condicións de vida dos viciños.

No aspecto organizativo, consideramos necesário o seguinte:

a-Criación dunha COMISION DEPENDENTE DO CONSELLO NACIONAL que elabore un programa de liñas de actuación prioritária nos concellos onde teñamos representación, faga un seguimento das actividades e coordine a política a levar nos mesmos en aspectos básicos como son : o urbanismo, sanidade, educación, política presupostária, servícios, ecoloxismo.... Dándolle, como xa se ten dito, especial importáncia aos concellos onde teñamos a responsabilidade de gobernar, sen esquecer a necesária coordinación dos demáis concellos con representación nacionalista. Esta comisión elaborará un informe para apresentar en cada xunta do Consello Nacional. Nela estarán, aparte membros do mesmo, alcaldes e concellais do BNG.

b-Trataremos de fomentar encontros e asambleas de cargos institucionais, tanto a nivel comarcal como a nivel nacional no senso de darlle coeréncia á nosa actuación nos concellos, aparte o soporte ideolóxico que poidan supor estes encontros.

c-promoveremos as discusións sobor dos temas municipais nos organismos de base do BNG, de tal xeito que neste traballo participe o maior número de militantes, e non sexa, xa que logo, algo exclusivo de alcaldes e concellais. A ser posíbel, nas distintas localidades, editaranse boletins de información que fagan chegar aos viciños a vida dos concellos.

d-Alén de programarmos e facermos un seguimento das actividades institucionais nos concellos onde teñamos representación, é necesário, tanto nestes como nos que non estexamos representados, o levar adiante un traballo de potenciación e organización dos movimentos vici-

ñais de base. Nos concellos onde non teñamos representación , deberase facer un seguimento crítico da política municipal, elaborando alternativas e divulgándoas através das organizacións viciñais, meios de comunicación,voceiros próprios, etc.

POSICION DO B.N.G. ANTE AS ELEICIONS AUTONOMICAS.

Compre esclarecer e reafirmar na nosa base social e ante o pobo en xeral que, nas actuais circunstáncias políticas, é obxectivo prioritário do BNG a defensa política consecuente do direito de autodeterminación. Non é que se trate de que o Rexime recoñeza, na prática, unha alternativa concreta que o veiculice en cada unha das nacións do Estado, senón que se vexa obrigado a admitir a existéncia legal, sen represións nen persecucións, das forzas políticas que estamos na defensa deste direito. Desta maneira, a nosa loita é, sinxelamente, unha defensa dos princípios democráticos mínimos, dos direitos dos pobos, violados insistentemente na prática e mesmamente na lexislación " constitucional "do actual Rexime (Lei Anti-terrorista, Plan Zen, Lei de Rexime Local, Lei Eleitoral). Non caebe chamar-nos a engano: a Constitución española e os Estatutos de Autonomia, dela derivados, son a fonte da que emana toda esta morea de lexislación e actitudes represivas, xa que se trata de textos belixerantemente anti-nacionais, imperialistas e anti-populares, ainda enriba con graves anbiguedades ou cortapisas a respeito do exercício das liberdades democráticas mínimas. Velaí por que razón é tan importante para nós non lexitimar nen aceitar semellantes textos. Eles negan o noso direito á existéncia; eles condicionan a nosa vida cotidiana. Teñen que desaparecer para que os anceios nacionais e populares vaian adiante.

Non xurar acatamento nen fidelidade á Constitución Española nen ao Estatuto é, pois, unha actitude que vai máis lonxe dun simples acto testemuñal ou dun teatral aceno moralista. Neste contexto, resume a nosa disposición a existirmos, cun proxecto político que non ocultamos, e a actuarmos socialmente desde tais presupostos. Unha forza política pode deixar de ser necesária por simple asimilación. O nacionalismo galego non está por este camiño. Unha forza política anti-imperialista e nacionalista non pode aceitar silenciosamente a sua negación, aparecendo integrada nun Rexime que combate os seus presupostos e os nega tamén de direito. Isto seria morrer estupidamente. A actitude de non xurarmos simboliza a nosa prática cotidiana, a nosa disposición a defender unha alternativa democrática que mereza o nome de tal. Un posicionamento mínimo, no sentido democrático, pero vital para a nosa existéncia e obxectivos.

O nacionalismo galego ten chegado a acadar un desenvolvimento suficiente para ser perigoso, ao tempo que non para garantir ainda a sua preséncia dun xeito firme en todos os eidos políticos e sociais da nosa Pátria. O Poder sábeo.

Esta posición de equilíbrio inestábel do noso movimento fai preciso a escolla dunha política de defensa irrenunciábel dos nosos princípios políticos, que leve a acadar ese nivel de desenvolvimento que nos permita a defensa non só teórica, senón tamén prática, do direito de autodeterminación. E para nós fundamental obrigar ao Rexime, de feito, a contar coa preséncia, a todos os niveis (social, político, institucional, sindical,etc...) dunha política que o nega. Isto é algo que xa se dá en Euskadi e, en certa maneira, en Catalunya. De aí se derivan as diferéncias de tratamento que o Rexime aplica ás distintas nacións

do Estado español: non esixéncia de xuramento da Constitución e do Estatuto, regulamentos menos restritivos nos seus parlamentos, etc....

A nivel eleitoral, acadar cotas de respaldo popular que lexitimen e defendan as organizacións políticas nacionalistas é unha terefa urxente e necesária. De aí que as próximas eleicións autonómicas teñan para o BNG un especial interés: votar ao nacinalismo popular supón algo máis que votar para unhas institucións, significa precisamente cuestionar toda a orde social, económica, política e institucional estabelecida polo sistema, significa estar pola ruptura real do Estado, único contexto no que se pode empezar a falar de cámbio. Un importante nivel de votos obtidos polo BNG restarálle posibilidades ao Poder na sua actuación contra nós e teria que medirse moito máis no seu comportamento represivo porque o deterioro da sua imaxe seria maior e maior tamén a nosa potencial contestación que poidese pólo en situación máis delicadas e comprometidas.

A concorréncia ás eleicións é, pois, necesária. Iremos a elas defendendo que estaremos na Institución Autonómica sempre que non teñamos que renunciar á nosa alternativa política, quer dicer, non aceitando restricións anti-democráticas nen rebaixas nos nosos plantexamentos. Definímonos pola concorréncia ás eleicións porque:

1.-Está en consonáncia cos nosos critérios políticos de participación nas institucións, ainda que non a calquer précio, e sempre que sirva de clarificación, propaganda e contradición do poder colonial.

2.-Significa continuar dando a batalla frente a quen nos expulsou, centrar a loita eleitoral no obxectivo concreto de que teñan que rectificar na sua postura.

3.-Desta maneira, contribuímos, tamén a este nivel, a facer tanxíbel a loita pola legalización de direito e de feito; a loita polo recoñocimento do direito a defender a autodeterminación e rexeitar a Constitución española e o Estatuto de Autonomia.

4.-Significa oferecer unha saída máis pedagóxica para a nosa base social. E unha posibilidade para galvanizar os sectores que non lles ven utilidade aos precesos eleitorais en nome da conquista de escanos, sen maior coste para o sistema.

5.-O noso obxectivo consistiria en convencer ao pobo de que esta posición é esencial se queremos que a loita eleitoral sirva, cando menos, para conquistar unha mínima democratización da vida política nas institucións, para obrigar ao Rexime a que teña que aceitar a nosa existéncia política (loita polo direito de autodeterminación).

A campaña eleitoral utilizaríase para que a xente vise a necesidade de dar lexitimidade social á nosa alternativa, que se basea nunha actuación constante e insustituíbel. Debemos subliñar por que é necesária unha liña política nacionalista. Remarcar que, se nos expulsaron do Parlamento, foi porque lles molestabamos. Perante o esperpento da Xunta dos caciques e do Parlamento de cartón, no contexto dun Rexime monárquico, unitário e anti-democrático, urxe consolidar unha alternativa nacionalista e rupturista co seguinte esquema programático básico:

1.-En defensa do recoñecimento do direito de autodeterminación. Por un Estado galego e republicano.

2.-Direitos democráticos: por unhas institucións representativas e democráticas. Xustícia a favor do pobo e supresión do Estado policial. Derogación da Lei Anti-terrorista. Abolición da tortura. Amnistia xeral. Por un Estado laico. Por unha información veraz e centrada na Galiza. Polo direito real ao posto de traballo. Recoñecimento, na teoria e na práctica, dos direitos da mulleres.

3.-Desenvolvimento integral e racional de Galiza, industrial, agrário e

pesqueiro, impedindo a degradación do meio ambiente e que remate coa emigración e máis co paro.

4.-Normalización da língua e cultura nacionais.

5.-Servícios públicos socializados e de calidade ao servício do pobo.

6.-Anti-imperialismo, non alineamento, loita pola paz mundial e solidariedade cos pobos que loitan pola sua liberación. Non á permanéncia na OTAN e supresión das bases yankees. Loita contra os monopólios e as multinacionais: non á integración na CEE.

Non é difícil ver a función das forzas que, coa sua actuación na Xunta, no Parlamento ou a nivel social, son totalmente desprestixábeis. Caberia lembrar, neste aspecto, problemas como os da reconversión, cuota, regulamento do Parlamento, Lei de Normalización, Castelao, Otan, expulsión parlamentários, etc. O desprestíxio da autonomia é unha evidéncia da que debemos tirar as conclusións axeitadas, reforzadoras da nosa liña política. Galvanizar desde unha óptica nacionalista e popular, democrática e anti-imperialista, os sectores populares, é a nosa función sempre e, especificamente, tamén nos procesos eleitorais. A conclusión debe encamiñarse polo vieiro de que o PSOE está ao servício do grande capital e do imperialismo (CEE/-OTAN), que o bipartidismo (PSOE/AP) significa a conxunción das duas caras da mesma moeda, que a autonomia é un fraude por contido e funcionamento. O máis realista e máis positivo socialmente é apoiar ao BNG.

Por outra banda, e deixando a salvo as decisións que os órganos competentes do BNG tomen aos seu debido tempo, non debemos esquencer que a consolidación eleitoral do BNG, logrando unha preséncia parlamentária que responda a unha base social firme, significa pasar unha proba de lume e un fito que traguerá uns éxitos relativos, pero seguros, nas eleicións municipais a seguir. O éxito nas autonómicas garante o avantar nas municipais e, por suposto, no reforzamento da nosa liña política socialmente. Os nosos nemigos sábeno ben e obrarán tamén en consecuéncia. Eis a importáncia do preceso que se aveciña.

PONENCIA SOBRE POLITICA SINDICAL.

A aplicación dunha política económica e social anti-obreira e anti-galega por parte do goberno español (PSOE) tradúcese na prática na existéncia na nosa nación de máis de 150.000 parados/as, na liquidación constante da nosa escasa indústria (velaí, por exemplo, como os plans de "reconversión" naval significan a case eliminación do principal sector industrial galego coa conseguiente perda de postos de traballo), no desmantelamento da frota pesqueira galega, na regresión das condicións laborais e na disminución constante do poder adquisitivo dos traballadores/as.

Nesta situación, o goberno autonómico de AP, ante os plans económicos do goberno central, pretende lavar a sua cara diante do pobo galego con declaracións testemuñais, cando en realidade está a xogar un papel claramente reaccionário e anti-obreiro en todos aqueles aspectos da sua competéncia no terreo laboral.

O pobo traballador galego necesita organizarse nunha central sindical que responda coerentemente ás agresións do sistema capitalista e do Estado Unitário español; polo que a Asamblea Nacional do BNG pronúncia claramente o seu apoio, decidido e consecuente, á alternativa sindical que hoxe a INTG represen-

ta, como ferramenta sindical anti-capitalista, anti-imperialista e anti-colonial, combativa e rupturista que os traballadores e as traballadoras necesitan.

En consecuéncia, esta Asamblea acorda:

1º.- Recoñocer á INTG como a única central sindical válida coa que conta a clase traballadora galega, para conseguir os seus obxectivos nacionais e de clase, asi como para defender os seus intereses inmediatos tanto económicos, sociais e sindicais, como tamén políticos.

2º.-Que o/a militante do BNG debe estar integrado/a na loita sindical e participar activamente na vida organizativa e política da INTG.

3º.-Que o BNG criará no seu seo unha estrutura organizativa, para apoiar a consolidación da INTG e as loitas sindicais que esta leve adiante consecuentemente cos seus princípios políticos e programáticos e, para loitar decididamente contra os que pretendan dividir a central sindical ou facer dela unha organización "neutral" ou non comprometida na loita pola liberación nacional e social da Galiza.

Os órganos e funcións desta estrutura serán os seguintes:

1º-Constitución nas comarcas nas que se considere necesário, de comisións ou grupos sindicais estábeis.

2º.-Cada unha destas comisións ou grupos proporá un responsábel que será membro de pleno direito do Consello Comarcal respectivo, unha vez ratificado pola Asamblea Comarcal.

3º.-As comisións ou grupos sindicais comarcais terán as seguintes funcións:

-Facer frente aos problemas que pola sua complexidade ou características políticas necesiten unha análise especial.

-Levar a política do BNG aos compañeiros e compañeiras afiliados/as á central e ao conxunto dos traballadores.

4º.-Celebraránse asambleas sindicais do BNG a nivel nacional das que serán membros todos os militantes do BNG afiliados á INTG. Estas asambleas serán convocadas polo Consello Nacional.

Serán funcións detas asambleas o analisar, debater e tomar acordos que, dentro das directrices xerais da política sindical do BNG, sirvan como referéncia ao Consello Nacional para adoptar resolucións sobre cuestións que afecten ao movemento obreiro galego.

A política agraria do goberno está a agredir hoxe o agro galego máis forte que nunca. O PSOE valora que a maioria das explotacións dos labregos galegos son marxinais no contexto da CEE. Non as terán en conta e tratarán de que desaparezcan sen darlles nengun tipo de alternativa. Vaise dar a "reconversión" no agro galego en favor das agro-indústrias monopolistas, sen respeitar os intereses dos labregos.

O goberno autónomico de AP está a xogar o mesmo papel que o PSOE pero dando testemuño dun caciquismo máis recalcitrante.

Nesta situación, e frente a entrada na CEE os labregos galegos teñen que organizarse nun sindicato labrego que responda enerxicamente ás agresións que se aveciñan (desde os monopólios/goberno/Xunta/CEE). A loita no agro pode ser decisiva nos próximos anos. Desde esta perspectiva o único sindicato democrático actuante no agro galego, desde unha perspectiva nacionalista e anti-colonialista, son as CCLL-SLG.

A loita no agro é unha loita moi globalizada onde é difícil separar os aspectos políticos dos estritamente sindicais. A actuación das CC.LL neste senso debe ser globalizadora, abordando todos os problemas que se presenten no agro,

ao tempo que debe ser o instrumento máis eficaz de que dispón o nacionalismo para incidir na sociedade rural agrária.

E unha evidéncia que se afortalamos a organización dos labregos nas Comisións labregas, traguerá consigo a recuperación da incidéncia do nacionalismo popular no agro, pero, si desaparecen, poucas posibilidades nos quedan. Para evitar isto, é vital relanzar a loita e a organización do Sindicato Labrego Galego.

Por outra banda son coñecidas as dificuldades infraestruturais e económicas das CC.LL ao non disporen de subvencións por parte da administración, isto impede que se dispoña de "liberados" e persoas adicadas estritamente ao traballo sindical. Por iso, só se poden abordar as tarefas que son necesarias através do apoio de todo nacionalista que teña contacto coa sociedade rural. E por iso, polo que a Asamblea Nacional do BNG, toma os seguintes acordos:

1º.-Impulsar o traballo no agro através das CC.LL como mellor xeito de incidir na sociedade rural, prestando todo o apoio que for preciso.

2º.-Impulsar a formación de grupos de traballo rural nas distintas comarcas, que aborden dun xeito globalizador o traballo neste sector.

3º.- Coordinar a actuación no agro a nivel nacional polos métodos máis oportunos segundo aconselle a prática política e sindical a facer un seguimento do traballo através dos Consellos Comarcais e do Nacional.

OS DIREITOS E LIBERDADES NA SITUACION ACTUAL.

Do próprio contido do texto Constitucional podia deducirse claramente que a intención era consagrar unha orde política, económica e social onde se asegurase o poder real o mesmo que na época anterior, pero nun novo marco.

O papel da Socialdemocrácia neste contexto seria o de facer mais "aceptábel" a política económica agresiva para os traballadores e sectores populares, e servir como ponta de lanza para tentar impedir, desde posicións non formalmente vinculadas ao pasado, a consolidación das alternativas que cuestionan a orde económica, social e política actual. Dai que a actitude do Goberno PSOE a respeito dos direitos e liberdades dos cidadáns e dos pobos, que está traendo a primeiro plano a loita por impedir que se restrinxan ainda máis. As características da actuación que baseandose en certa credibilidade do PSOE en sectores populares está acadando extremos escandalosos son:

-Desprécio total polos direitos do pobos e polo direito que un Estado teria que asegurarlle á sociedade. O direito da autodeterminación pasou de ser un slogan táctico recollido nos programas nos primeiros anos do post-franquismo a ser práticamente indefendíbel e perseguida a sua defensa prática.

-O direito a posto de traballo como premisa fundamental para poder falar de calquera outro tipo de direito é hoxe unha ilusión inalcanzábel para un importante e crecente número de cidadáns. As próprias condicións de traballo e os salários de moitas persoas no campo, na mar, nas minas, nas fábricas, no sector servícios, etc. evidéncian como resulta unha falácia falar de "estado de direito" cando hai xente que traballa nunhas condicións infrahumanas e pendentes de todo tipo de inseguridades.

-Os direitos á saúde, á educación, a uns servícios públicos en condicións, a unha vivenda digna, etc., están vetados para moitos sectores populares que ven, pola contra, como se gastan cantidades inxentes en armamento e mantenimento do exército e forzas represivas e se seguen mantendo e mesmo aumentando a privatización de determinados servícios públicos.

No terreo da configuración da estrutura do estado séguese primando e acentúase o carácter represivo do mesmo coa primacia e prepoténcia que receben o exército e todas as forzas represivas por parte do poder político: Dotación de material, contínuas loubanzas nos meios de comunicación, desculpar e agachar as suas actuacións máis escandalosas. E non hai que esquencer que son o mesmo exército e as mesmas forzas represivas que serviron de baluarte e soporte do franquismo. Agora tamén para o PSOE son os "abnegados hijos de la patria".

-No terreo lexislativo, existe unha práctica constante de tentar "ilegalizar" a todos os que non están de acordo coa orde política, económica e social que consagra a Constitución, restrinxíndonos ao máximo a estes grupos todas as liberdades. Leis especiais práticamente adicadas a estas funcións, xuramento da Constitución, limitacións para determinadas persoas na asisténcia letrada, persecucións ás opinións contrárias sobre determinados temas nos que se asenta o reximen político (monarquia, sagrada unidade da pátria,etc.)

-No terreo da práctica diária a actuación segue sendo terribelmente represiva, pretendendo fomentar a insolidariedade, a persecución, o consumo de drogas, o medo e o viver permanentemente vixiados: "peinado" de barrios, escoitas telefónicas, primar a delación de maneira aberrante, obrigatoriedade de denunciar a compra-venta duha propriedade ou o seu aluguer, as actuacións fortemente represivas e contundentes da policia contra manifestacións obreiras e populares, etc. Todo isto cando a tortura segue existindo.

- No terreo dos postos de tral allo, persecucións ideolóxicas, despido polo mesmo motivo, e ademáis unha política

de pervivéncia do enchufismo, da colocación a dedo, da corrupción, que non deixa de ser habitual co cámbio de goberno. Hoxe coas suas opinións unha persoa xógase o seu posto de traballo.

En definitiva trátase de criar un sistema onde estea asegurada a vixiláncia, o control e se "procede" a represión para os cidadáns e os pobos. Non estamos nun Estado onde a sua principal preocupación sexa asegurar os direitos e liberdade dos cidadáns senón que un dos seus obxectivos fundamentais é saber en cada momento o que fai cada indivíduo criandolle ademáis a conciéncia sempre de que o que está enfrente é un competidor. En nome de asegurar a "seguridade cidadañ" están xustificando todas as suas actuacións represivas e agresivas para os direitos dos cidadáns e dos pobos, non habendo pola contra a intención de garantirlle aos homes e ás mulleres os direitos que reduciron á mínima expresión esa "inseguridade cidadán". Nesta tarefa é fundamental a instrumentalización dos meios de comunicación, sobre todo os que financiados con fundos públicos teñen un carácter sectário, discriminatório e manipulador para determinadas opcións presentes na sociedade converténdose en pilares fundamentais da propaganda do goberno e dos valores do sistema, deixando so descuberto que os "poderes reais" da época anterior son " intolérabeis"; nunca unha crítica aos baluartes sérios do franquismo: forzas represivas, igresa como tal, grande empresa, etc; as críticas ao pasado sempre son "como quedou todo", a "crise ", a "má xestión", a "inmoralidade", a "falta de ética", pero, por puposto, deixando sen tocar os pilares fundamentais do antigo rexime, recebendo loubanzas cando reprimen manifestacións e outros actos.

O que ocorre é que estes atentados aos direitos e liberdades democráticas son tan frecuentes e continuamente xustificados polos meios de comunicación que escomenzan a verse como "normais" pola sociedade, e ainda en algunhos casos, polos militantes revolucionários. Daquela, hai que chamar a atención sobre a importáncia ideolóxica e política de non considerar normal o funcionamento represivo do sistema prestando especial atención a :

a.- A permanente denuncia pública de calquer recorte ou violación dos direitos, tendo presente que non só hai que facelo coas que se dan perto de nós. A solidariedade con outros pobos que sofren a represión debe ser constante.

b.- A necesária contestación social hai que dala a todos os niveis; No centro de traballo, na rua, etc. A loita polas liberdades e direitos dos homes e mulleres e dos pobos é unha loita revolucionária, na que debemos distinguirnos non só como meio de autodefensa senón para afirmar unha sociedade que nós queremos construir.

Neste senso, compre subliñar por último que a política agresiva xa a vivemos en moitas ocasións diante nosa e de xeito moi especial en algunhas movilizacións (25 de Xullo do 81,82,83, Castelao, Folgas xerais, movilizacións obreiras, etc.). A nosa resposta foi en certos casos de certa forza (Castelao- etc.). E un bon camiño que de seguro teremos que continuar no futuro. Temos que saber responder cos meios que fagan falta cando se nos pretenda conculcar un direito ou cando somos agredidos nas manifestacións.

POLITICA CULTURAL.

Todo traballo cultural eficaz parte dunha teoria da cultura. A cultura surxe na dos seres humanos para conseguir o domínio da natureza e o desfrute da vida. O desenvolvimento cultural depende, principalmente, dos cambios socioló-xicos e tecno-económicos nos condicionamentos sociais. A clase dominante que impón a "cultura oficial", trata de orientar todos os procesos do desenvolvimento ao seu favor: a loita de clases é unha loita tamén de culturas.

A cultura na nosa nación non escapa ás agresións coloniais que nos demais campos da vida económica e política sofremos. Asi, tanto o Goberno español como o autonómico - através de todas as suas institucións na Galiza - mantén ben unha liña de clara belixerância anti-galega, ben unha atuación compensatória dun galeguismo formal e simbólico que non recupera nen normaliza, non fundo, nada da nosa cultura.

Por iso, o noso combate neste campo, continua a ser fundamental e deberá contar cos seguintes princípios:

1.- O idioma é a nosa maior e mellor criación cultural. Pratiquémolo en todo lugar e ocasión; fagamos propaganda activa del; denunciemos e impidamos calquer intento de represión; melloremos o seu uso oral e escrito. Todo isto debe ser obriga política irrenunciábel do militante do BNG.

2.- Neste senso, promoveremos un traballo político que delimite e enfrente claramente a nosa prática á das Administracións española e autonómica, con campañas como as de rotulacións galegas, correción de topónimos, denuncia de farsas como a de "falalle galego" ou similares; denúncia pontual das políticas municipais que supoñen un atentado gravísimo (por estaren manexando diñeiros publicos) contra as necesidades culturais da poboación.

Vias para unha programación:

1º.-O BNG debe programar periodicamente a sua política cultural. Isto conseguirase coa criación dun centro de seguimento como pode ser a Federación de AA. Culturais Galegas, instrumento tamén para a animación cultural e potenciación dos nosos valores culturais.

Dentro destes consideramos prioritários os seguintes:

-Coñecer a cultura histórica galega.

-Realizar unha crítica interna desa cultura histórica.

-Estabelecer un diálogo e intercámbios habituais cos pobos da mesma área cultural e cos grupos organizados de animación cultural.

-Discernir, ante os actuais proxectos das Administracións centrais e autonómicas, os obxectivos que agachan. En concreto, hai, na acción cultural de uns e outros, dados escandalosos (Universidade do Atlantico, acordo coa Fundación Barrié ,etc.), sendo xeral a sua liña programática de tipo folklorizante, mistificador, oficialista, elitista e que pretende escamotear deliberadamente a problemática do noso páis (Encontros no Camiño de Santiago, Xornadas de animación sócio-cultural, Centro Dramático Galego, comidas oficiais para a normalización lingüística etc.).

2º.- A devandita programación atenderá tamén os seguintes aspectos:

-Fortalecimento dos meios de comunicación de caracter nacionalista, entre eles A NOSA TERRA, periódico independente e nacionalista, no que todos poden, cada quen na sua medida, colaborar e expresarse, e asimesmo a criación de rádios de carácter nacionalista.

-Vitalización de Asociacións Culturais que poden veicular a política de animación cultural. Se non existen esas

asociacións, ou non son suficientes nalguns lugares, créense grupos de base que se encarreguen de dinamizar esa actividades partindo dos centros sociais: sindicatos (INTG,CC.LL.), AA. de viciños, clubes, comisións de cultura de centros de ensino e de concellos, aulas abertas, etc. Neste grupo deben estar presentes os representantes dos organismos pedagóxicos e sindicais relacionados co ensino.

-Consolidación de accións periódicas nacionais e locais como a "Carreira pola Defensa da Língua", as "Xornadas de Ensino", Universidade Popular de Corcubión, de Moaña, Xogos da Mocidade, recuperación de festas populares e outras. Nestas actividades trátase de involucrar a maior cantidade posíbel de xente e de institucións, pondo o acento na finalidade do acto en si, dandolle un carácter aberto, sen por iso renunciar aos presupostos político-culturais dos que se parte.

-Esixéncia de catalogación e de conservación do património artístico e histórico da Galiza.

-Mellora e novas criacións de instalacións deportivas con adecuadas inversións espallando a idea do deporte como ben social, como direito dos cidadáns. Asi poderemos animar a práctica de deportes autóctonos.

Por fin, participemos no emprego de meios audiovisuais e de todo tipo de mecanismos no ensino e na animación cultural.

POLITICA ECOLOXISTA.

As agresións e as destrucións que padece o noso meio ambiente non son debidas ao desenvolvimento industrial de Galiza. Pola contra, teñen a sua orixe no rol colonial que a nosa nación xoga dentro do Estado español. Corresponden-se cos problemas ambientais dun país da periferia económica do capitalismo.

Moitos dos problemas ecolóxicos de Galiza (indústrias de enclave como a Celulosa ou Alúmina, construción da Auto-estrada do Atlántico, repovoación forestal, etc.) respostan aos intereses económicos dos monopólios e das multi-nacionais, non a un proxecto de desenrolo industrial de Galiza nen aos intereses do noso povo. Outros dos nosos problemas ambientais máis graves son producidos polo expólio dos nosos recursos mineiros e enerxéticos, expolio docal nos quedan os custes sociais de acuíferos contaminados, terras asulagadas e chúvias acedas arrasando cultivos en áreas xeográficas cada vez máis amplas. A caréncia dunha burguesia galega cun proxecto nacional e con peso político no Estado español explica a facilidade con que Galiza sofre agresións, como os vertidos radiactivos ou as catro mareas negras padecidas nos últimos anos, que , noutro contexto social, serian dificilmente explicábeis, pero que aqui só contan coa oposición práctica e con alternativas por parte das organizacións xeradas polas clases populares. Da mesma maneira explica-se que se permita a destrución de recursos básicos da nosa economia (incéndios forestais, sobre-pesca, destrución de bancos marisqueiros, etc.) sen que as medidas tomadas teñan nada que ver coa gravidade dos problemas plantexados. Pola contra, a burguesia intermediária galega adica-se a compartir co imperialismo a urxéncia en enriquecer-se canto antes a costa do país, considerando-o unha espécie de terra de ninguén lista par ser arrasada. Os resultados son a especulación do chán, a destrución arquitectónica dos nosos núcleos urbanos, a degradación dos nosos espácios naturais, a extracción salvaxe de area nos rios e nas praias, a contaminación de cauces fluviais hai poucos anos cristaiños, a caréncia de inversións mínimas en medidas anti-contaminantes por parte das indústrias e dos Axuntamentos, os basureiros incontrolados, etc...

En resume, a nosa situación

meio-ambiental é o resultado do papel colonial que cumpre Galiza no seo do Estado español e da Europa Occidental, e está provocada por decisións político-económicas alleas e opostas aos nosos intereses nacionais.

Por iso, compre hoxe máis que nunca potenciar plataformas que, como ADEGA, lonxe de desvirtuar os nosos problemas ecolóxicos, contribuen á loita de defensa dos intereses do noso país, axudan a criar conciéncia nacional e socialmente os nosos proxectos políticos. Máxime cando os atentados contra Galiza en xeral e contra o seu meio ambiente en particular van-se ver agudizados nos próximos anos por mor do expólio incrementado dos nosos recursos (contrución de novos encoros no rio Miño, Ulla e Navia), da permanéncia na OTAN e do ingreso na C.E.E.

En calquer caso, resulta evidente que a problemática ecolóxica de Galiza pouco ten que ver cos intentos de criación de partidos verdes, pois non teñen nada que ver coa nosa realidade, son o produto do mimetismo político con proxectos que, ademais de moi mal interpretados, foron xerados por realidades sociais moi diferentes á nosa e, lonxe de tratar de dar resposta as necesidades populares nun marco de loita anti-capitalista e anti- imperialista, tentan de enganar ao povo sob a falácia de novas "alternativas de cambio social". Cando os problemas ecolóxicos de Galiza só poderán ter solución se o noso povo acada a soberanía política e a capacidade de decisión sobre a utilización dos seus recursos, e isto só será posíbel no marco dun proxecto de liberación nacionl como o constituido polo BLOQUE NACIONALISTA GALEGO.

O ENSINO.

Introdución.

O BNG no seu programa político debe considerar a especificidade dalgúns eidos ou sectores que pola sua peculiaridade ou importáncia no desenvolvimento do movimento nacionalista son merecentes de análise a alternativas concretas.

Todos sabemos da importáncia que ten tido no nacionalismo galego o ensino, como eixo de reivindicación da nosa cultura, idiosincrásia e identidade, á mesma vez que actua trascendentalmente na definición ideolóxica e no medre da corrente que representamos. O número das organizacións que actuan e a sua influéncia son boa mostra de todo o que decimos: asi, a UTEG-INTG no profesorado; ERGA entre o estudantado; a AS-PG, as asociacións culturais (O EIXO na Universidade), teñen levado autonomamente importantes loitas reivindicativas, políticas e culturais (Lembremos a represión do idioma, a democratización das estruturas, etc.). Cada unha delas no seu marco ten unha relevánci fundamental, sen a cal hoxendia non poderiamos explicar os avances conseguidos nalgúns casos e a dura conflitividade criada noutros.

Como factor negativo debemos destacar nesta introdución a certa incomprensión doutros sectores do nacionalismo da importáncia política que este traballo tiña e a descoordenación entre os que actuan no sector, impedindo unha acción de conxunto que, de seguro, teria un resultado máis proveitoso.

A situación do ensino na Galiza.

O ensino hoxendia apresenta a grandes trazos o seguinte panoràma na Galiza

a) Manténse como centro e instrumento de españolización, destrutor da nosa cultura, ao mesmo tempo que se co-

meza un proceso de "homologación" político-educativa con outras áreas do capitalismo europeu.

b) Dotacionalmente atopamos no E.X.B. e no B.U.P. un ensino estatal en situación precária. O número de centros é insuficiente e o equipamento non cobre na maior parte dos casos os mínimos esixidos. A distribución territorial destes centros é claramente discriminatória coas áreas rurais, interiores ou agrícolas, ramificándose outra discriminación en relación coa formación ou capacitación dos centros coa tendéncia xeneralizada de criar centros de B.U.P. en vilas e cidades importantes, e de F.P. nos outros lugares. A actual política do goberno oriéntase a agudizar esta situación, deteriorando cada vez máis o ensino estatal cun contínuo recorte de presupostos que pasan a engrosar as subvecións ao ensino privado.

c) Os métodos educativos non variaron sustancialmente, e os contidos dos programas seguen sen ter un mínimo contacto e interrelación coa realidade do país.

d) Na Universidade e no resto do ensino as tendéncias elitizadoras e privatizadoras acentúanse, xunto coa falta de democratización e a entrega aos intereses do capital.

e) Confírmase un marco legal, ainda non totalmente implantado, que deriva do artículo 27 da Constitución, concrétase a distintos niveis na L.O.D.E., na reforma do ensino médio e na Lei de Reforma Universitária. Este marco legal supón un clro reforzamento da alternativa da privatización do ensiono por duas vias: introdución de elementos privatizadores no ensino estatal, e institucionalización da política de subvencións ao ensino privado.

f) Por outra banda, nesta valoración é importante ter en conta o papel que realizan os "poderes autonómicos" (que actuan nesta matéria xestionando e non dirixindo e ordenando a sua estrutura), cara a non confundir as alternativas e a actuación nos plantexamentos.

E de subliñar que as actuacións caciquís, autoritárias e anti-democráticas son a tónica dominante na xestión destes organismos autónomos, asi como o mal emprego dos recursos económicos.

Alternativas.

De todo o devandito podemos deducir que se esta a abrir un novo periodo, posibelmente longo, onde a conxunción de esforzos entre as organizacións nacionalistas e as persoas, sexan estudantes, mestres, etc., que traballan no sector, será vital paras consolidar e introducir as nosas posicións, O traballo realizado na Universidade, despois da eleición dos membros do Claustro Constituinte pode ser un bon exemplo a seguir.

O Bloque e os seus militantes deben ser o nexo sobre o que xire este traballo; a estreita colaboración entre os estudantes de ERGA e os militantes do BNG na UTEG será nos centros a garantia da consolidación das nosas posturas.

Pero tamén concluímos a necesidade de artellar unha mellor coordenación a nivel nacional de todas as organizacións que dende o nacionalismo se moven no ámbito do ensino con vista a mellor asesorarse e á adopción conxunta de alternativas ao actual sistema.

Tal coordenación pasaria pola criación do CONSELLO GALEGO DO ENSINO. Compre deixar claro desde un princípio o seu carácter de organismo non estruturado e independente das estruturas do BNG, plantexándose como organismo de coordenación dos diferentes grupos e independentes que hoxendia traballan no ensino dun ponto de vista nacionalista. Serian funcións suas a elaboración de alternativas asumíbeis por todos e cada un dos sectores, con vista a rematar cunha visión compartimentada da problemática que aqueixa ao ensino na Galiza; asimesmo, encarregaríase da planificación conxunta de determinadas campañas,

caso daquelas pola galeguización do ensino, ou ben relacionadas coa dinamización da nosa cultura nos centros, Dado o desigual desenvolvimento das organizacións actuantes, este organismo permitiria un mellor coñecimento da realidade nas diversas zonas e centros da nación, apoiando a consolidación dunhas e outras organizacións, e ben poderia a curto prazo fraguar a alternativa coerente e necesária da que o nacionalismo está neste momento en moitos caoso desprovisto, para defrentar os plans de remodelación do ensino que a Xunta e Goberno Central están pondo en marcha.

CLAUSURA.

Convidadas e convidados.
Representantes de organizacións amigas e fraternais.
Compañeiras, compañeiros:

Correspóndeme, por encárrego do Consello Nacional do BNG, dirixirvos unhas palabras antes de que cada quen de nós volte ao seu lar, ao seu posto de traballo e de loita política na angueira comun de transformarnos a sociedade na que vivemos nunha colectividade orientada polo princípio de cooperación solidária en troques do antagonismo explotador, e de conducirmos á nación galega cara a sua liberación e a plena eclosión criadora da sua persoalidade colectiva.

Abondaria dicer isto para expresar en sístese, na única, se cadra, síntese posíbel e valedeira, o senso profundo, a raíz e a corrente de fundo, na terra e no tempo, do noso traballo e da nosa xeira, tanto nestas xornadas congresuais coma na existéncia cotidiana. Abondaría isto para reiterar o norte da nosa vida coma seres humanos galegos conscientes e a nosa razón de ser como colectivo, coma Bloque Nacionalista Galego, como frente unido de cidadáns e camadas sociais galegas convertido en motor político deste pobo e conciéncia social lúcida orientadora dun proceso medularmente revolucionário. Un norte situado na conxugación da liberdade humana coa liberación social e nacional do pobo galego.

Mais reducir as miñas palabras ao enunciado desa síntese poderia dar pé á apreciación dun triunfalismo improcedente e fóra de lugar. Tanto máis improcedente e inoportuno canto que o triunfalismo constitui hoxe a tónica e máis o único perfil definido de partidos que, tanto na direita propriamente dita coma na direita enmascarada dos bombeiros e capataces do sistema imperante, perden os seus papeis. Pérdenos, uns, os primeiros, porque os asomen na prática política desde o goberno os seus aparentes antagonistas, e pérdenos, outros, os segundos, porque perderon xa, de xeito que me semella irreversíbel e definitivo, a escasa sustáncia e os escasos contidos próprios e peculiares que posuían. " A NOSA TERRA " escrebia na primeira plana do seu último número, con enorme acerto expresivo, que o recente congreso do PSOE puxera en evidéncia que o único "cambio" que trouxera esa organización para a vida política do Estado era o que se tiña operado dentro do próprio partido, na sua liña política e na sua prática: o abandono ou o desterro de calquer atisbo de ideoloxia, estratéxia ou programa de esquerda. Coido - e falo por própria experiéncia biográfica directa - que ese feito non constitue máis que o ponto de chegada dunha andaina encetada, visíbelmente xa, no 1974, na altura da xeira da Conferéncia Socialista Ibérica e o seu desenlace, cando eu era membro do que foi, e deixou de ser, Partido Socialista Galego.

E eu, que seica son considerado desde hai algún tempo como un home decididamente e mesmo sorprendentemente optimista, quero ser crítico ante vós, sensatamente crítico, criativamente crítico a poder ser. Non procede facer triunfalismos, insisto. Compre exercer o optimismo da vontade que Gramsci profesou, compatíbel co pesimismo da razón e, ao cabo, superador del.

Os que asumimos hai dous anos a integración no BNG, nesta fórmula e neste compromiso político, concluímos hoxe que tiñamos razón e acertamos daquela cando arrombamos tudo aquilo que nos arredaba dos demais actuais compañeiros e apostamos por un traballo conxunto nunha liña unitária que non impuxese asimilacións unilaterais nen esixise renúncias gratuítas. Tiñamos razón e acertamos, como o demostra o balance do labor realizado que abreviadamente espuxo o compañeiro Bautista Álvarez na sesión de apertura deste congreso. Como o demostra tamén o repertório de ponéncias aprobadas nas xornadas desta asamblea nacional e máis a sua ricaz gama de conclusións acadadas ao cabo dun proceso de debate encetado nas asambleas rexionais e culminado aqui mesmo nestes

días. E como o demostra, en fin, a contemplación analítica do panoramá político deste país, tanto nos feudos coloniais do españolismo inequívoco - nos que até se exerce o direito de pernada metamorfoseado en pura e simple corrupción mercantilesca do chamado clientelismo e en descarado filisteísmo político - como nos xogos equívocos dos que invocan de palabra esta nación para subastala a baixo precio na prática cada día ou desempeñaren obxectivamante o papel, tan vello xa na história da humanidade desde. Homero, do cabalo de Troia incesantemente redivivo.

Pero non pasarán as portas desta cidade.

Nós non estamos en crise. Nós, de quen se predicou teimosa e monótonamente a crise, e a quen se lle pronosticou toda caste de catástrofes, desde o dioivo universal até as catro pauliñas da apocalipse, nós non estamos en crise.

Na Galiza, como de modo xenérico na periféria da que formamos parte, insisto en afirmar que somente está en crise a esquerda - ou asi tal chamada - de obediéncia metropolitana. E os feitos aportan cada novo día, cada nova maña, probas adicionais de que ási é. E, se non, ollade, reparade na crise de identidade, a pior de todas as que de poden padecer na vida política, dese partido que se dedica agora exclusivamente á contaminación, e non aquela da que nos falaba Carlos Vales como ecoloxista, senón a que difunde Felipe González, que dá por bon todo o que no seu programa eleitoral de goberno daba por ruin e rexeitábel, que non renúncia a princípios porque non ten princípios aos que renunciar. A que converte á UGT en esquirol e traidor ao proletariado galego. A que mirra por dentro e por fóra aos que coidan que facer política é dicer falsedades ou perogrulladas emparedados nese lugar artesonado onde se acode de garabata e con traxe gris marengo do Corte inglés. A que tolle nun siléncio impotente aos que pratican unha modalidade absentista e farisea de " independéncia " persoal que tornaria neste país os casais en casares, as aldeas en láncaras, os carballos en piñeiros, e os rexos patróns de costa en relambidos condes narcisistas.

Mais compre sermos esixentes e críticos con nós mesmos. Sen pinga de masoquismo, sen sombra de complexos, pero con toda seriedade, co propósito insobornábel de avantar tanto canto sexa posíbel e ainda alén desa extrema.

O nacionalismo galego ten como património exclusivo na História do noso pobo o de ter plasmado en realidades fácticas niveis a cada paso máis altos de utopía. Velaí a sua forza dinamizadora da sociedade. E mesmo os logros que protagonizan ou se apróprian outros non son outra cousa que versións esluídas, degradadas, de reivindicacións e obxectivos formulados devanceiramente polo nacionalismo galego,ou conversión en metas definitivas de obxectivos ou pontos programáticos que os nacionalistas de tódos os tempos, desde os precursores até nós mesmos, enunciaramos como elementos ou chanzos tácticos no marco das nosas formulacións estratéxicas.

A nós correspóndenos, xa que logo, irmos perfilando en cada momento un novo horizonte de conquistas, cualitativamente superior e dimensionalmente máis profundo, a medida que este pobo se move cara adiante no proceso que somente nós sabemos que é, porque somente nós queremos que sexa, o da sua plena liberación nacional e social.

Velaí por que tantas veces pode semellar, e pode mesmo parecernos a nós tamén, que non nos movemos ou non progresamos abondo. Mais velaí por que tamén nos resulta negada calquer entrega, xa non ao triunfalismo, senón á simples autocomplacéncias. Porque levamos sobre as nosas costas a responsabilidade de sermos a voz e a conciéncia de seu deste pobo, e arriscámonos, neste noso desafio aos deuses, a receber, ou termos a sen-

sación de padecer, o castigo de Sísifo, de subir un penedo ao lombo até o cume do monte e vélo descer a rolos deica o pé, para ter que volver empezar a cada volta.

Mais os mitos son iso, mitos. Son trebellos ideolóxicos da alienación. Frente a eles, os ideais e a lucidez son sempre sobranceiros cando se pon a práctica social e política en rumbo cara eles. Por iso avanzamos.

Mais tamén por iso compre, cómprenos a todos nós:

1.- Non tomar como contradicións o que poderia sélo para outras organizacións políticas carentes dunha estratéxia como a nosa ou fóra do noso contexto. Incluídos actos meramente formais de posíbeis firmas necesárias de papeliños que a nada comprometen na prática política real cando o labor consiste nada menos que en construirmos un futuro de seu para un país liberado.

2.- Primar sempre a prática política sobre os actos simbólicos, e manter o motor na política de base en troques de privilexiar a política institucional, que debe de ser sempre contemplada e empregada como una avalanca que reforce a poténcia do motor actuante na base da sociedade, e nunca confinamento na instancia superestrutural ou destrago de enerxía en valuto.

3.- Mantermos ben presente e actuante a índole do BNG como FRENTE e máis como ORGANIZACION ASAMBLEARIA, non como PARTIDO. Iso fai máis necesário integrar e combinar a análise da condición de clase e das formas específicas de explotación en cada camada social, dentro do marco do proceso de liberación nacional, e acertamos na determinación do papel que lle corresponde ao Bloque das camadas populares nese proceso que é norte, eixo e manantio da nosa vitalidade e a nosa razón histórica de sermos políticamente existentes e actuantes.

4.- Rigor nas análises sociopolíticas e científico-sociais como base dos plantexamentos e a prática política nosos. Somente dese xeito eludiremos os erros que están á espreita sempre e aumentan en probabilidade de producírense cando o vieiro é tan pedreguento e a viaxe tan arriscada coma no noso caso.

5.- Diversificar e ampliar os frentes de acción e traballo, alén as fronteiras do próprio BNG en sí mesmo, cobrindo terreos hoxe totalmente desleixados por aqueles, xa aludidos, que fan a política de garabata e corsé de Corte imglés, e levando as nosas iniciativas a tódos os frentes da dinámica social.

6.- Multiplicar a nosa capacidade ofensiva, que ben sabedes que non depende só nen siquer tanto do número como da poténcia e o nivel de entrega.

7.- Definirmos ben deslindadas as funcións e os eidos de traballo de cada persoa e atraguer a eles xente non necesariamente integrada na disciplina própria dos afiliados á organización.

8.-Comnbinar, dunha banda, a apertura mesmo cordial a novas xentes integrábeis, que as hai, en varios eidos nos que estamos presentes, e ben perto de nós, coa firmeza, por outra banda, nas nosas posicións estratéxicas e nos nosos sólidos princípios políticos.

9.-E traballar, traballar, traballar, quer dicer, militar, militar, militar e isto non é unha chamada á loita armada, podédesmo crer, ainda que como a reconversión e demáis lérias agresivas sigan a ir por onde van...

E agora,!feliz anos 1985 a todos, isto é, feliz ano para o nacionalismo galego e máis para os demáis pobos que loitan pola sua liberación.

! Viva Galiza ceibe e sen explotación!

! Viva o Bloque Nacionalista Galego!

ASAMBLEA EXTRAORDINARIA.

RESOLUCION POLITICA DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO.

A Asamblea Extraordinaria do BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG) celebrada o dia 15 de Decembro de 1985 en Santiago, decidiu que o noso parlamentário, Xosé Manuel Beiras, estivese presente no parlamento autonómico ainda que para iso tivese que aceitar a imposición antidemocrática e fascista de prometer acatamento e fidelidade á Constitución española e mais ao estatuto de autonomia.

Esta resolución foi tomada a partir dos seguintes critérios básicos:

1.- A nosa posición non vai significar, en nengun caso, un cámbio da nosa prática política na valoración da Constitución española e do estatuto como textos legais que estabelecen un marco político que non garante unha democrácia real, nen menos unha solución para os problemas da Galiza.

2.- O noso cámbio de táctica está motivado pola necesidade de non poñermos en perigo outros aspectos fundamentais para o avance da nosa política de defensa dos intereses populares galegos: preséncia nos concellos, medre da nosa incidéncia social, imposibilitar ou dificultar o confusionismo, o ocultamento e manipulación da nosa alternativa política.

3.- Recoñecemos que de momento perdémos unha batalla desta guerra frontal que durante case catro anos estivemos a dar contra os nemigos da democratización da vida política e da liberdade de expresión. Non obstante, coidamos que non foi inutil e seguiremos a dá-la con outras tácticas.